

**Acta núm. 26/2020.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 02 de setembro de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 02 de setembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretaria Ana Sánchez Fontáns, secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 25/2020, DO 18.08.2020.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 25/2020, DO 18.08.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 18.08.2020, acta núm. 25/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por XOSÉ CARLOS GARCÍA FREIRE, na que comunica que vai limpar e reparar a cuberta da vivenda sita en Estrar nº 7- Os Ánxeles, substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova e as fiestras do tellado por fiestras novas de igual dimensión, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 7142801NH2474S0001XW) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 33,28 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 97,85 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MONTSERRAT NÚÑEZ LEBORÁNS, na que comunica que vai construír un alpendre no lugar de Beca- Bastavales, para gardar apeiros de labranza, dunha única planta e escasa entidade construtiva, de 48 m² construídos.

A parcela (referencia catastral nº 9910653NH3491S0000OH) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O alpendre situarase mínimo a 3 metros dos lindeiros e mínimo a 5 metros do eixe dos viais.
- Os materiais a empregar serán materiais tradicionais (pedra, madeira, tella ...) e os paramentos de formigón e ladrillo estarán convenientemente revestidos e pintados.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 96,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 160,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN OLIVEIRA FERNÁNDEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Chave de Carballo nº 31 – Bastavales, substituindo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 9322815NH2492S0001GX) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 112,05 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 176,62 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS NADAL BUSTELO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Babenzo nº 35 – Bastavales, substituindo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 7920103NH2472S0001PF) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 109,28 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 173,85 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARI CARMEN GERPE RODRÍGUEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación nun alpendre sito en Aguiar nº 2 – Brión, substituindo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.



A parcela onde se empraza a edificación na que se van executar as obras, (referencia catastral nº 6569306NH2467S0001GE), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,94 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,51 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A Secretaria accidental.

Vº e Prace

José Luis García García

Ana Sánchez Fóntans.